

O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR APROBA AS BASES XERAIS PARA A SELECCION DO PERSOAL DO CENTRO DE DÍA DE BOIRO.

Segundo o anuncio do 17 de abril de 2007, publicado no DOG nº77 de 20 de xaneiro, fanse públicas as convocatorias do proceso de selección, mediante concurso-oposición, de persoal laboral temporal de Boiro para os centros de atención ás persoas maiores.

Esta resolución describe o proceso selectivo a través do concurso-oposición, así como as funcións das prazas convocadas:

Xerocultura	2 prazas.
Enfermaría	1 praza.
Intervención Psicolóxica	1 praza.
Intervención Social	1 praza.
Intervención Sociocultural	1 praza.
Terapia Ocupacional	1 praza.
Fisioterapia	1 praza.
Servizos Xerais	1 praza.

Dende o día **21 de abril ata o 3 de maio de 2007** xa se poden presentar as solicitudes, debendo enviar un fax ó Consorcio Galego no caso de tramitar a instancia por outro medio que non sexa o rexistro do propio Consorcio.

Para consultar as bases da convocatoria pode facelo no Departamento de Emprego do Concello (2º Andar), no taboleiro de anuncios municipal, ou ben picando aquí www.igualdadebenestar.org

Máis información no Departamento de Emprego do Concello de Boiro, teléfonos 981844800/981842609.